



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2022/E001/000018

ANUNCIO NÚM. 3

Convocatoria para a cobertura mediante persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar do servizo de axuda a domicilio do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022). Estabilización de emprego temporal. Resultado da proba de coñecemento do galego.

O órgano de selección do proceso selectivo (concurso-oposición) para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar de axuda a domicilio do Concello das Pontes de García Rodríguez, nomeado mediante a Resolución núm. 1682/2024, do 26 de agosto (BOP núm. 167, do 30/08/2024), procedeu á valoración dos méritos das persoas aspirantes e á realización da fase de oposición e dispuxo a publicación dos resultados de cada fase para os efectos de presentación de reclamacións.

O proceso selectivo réxese polas bases xerais publicadas no BOP núm. 231, do 07/12/2022, e polas específicas, inseridas no BOP núm. 241, do 22/12/2022.

O órgano de selección celebrou as súas sesións os días 1 (fase de concurso) 8 (fase de oposición), e 22 de outubro de 2024. Nesta última, consistente na realización da proba de galego por parte das aspirantes que non tiñan acreditado estar en posesión do nivel CELGA 3 ou equivalente, adoptou os seguintes acordos:

“Primeiro.- Declarar apta a María Josefa Doce Gabeiras na proba de galego efectuada por este tribunal.

Segundo.-Declarar apta a María Carmen Caínzos Prieto na proba de galego efectuada por este tribunal.

Terceiro.-En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), concédese un prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da valoración efectuada no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal, para a presentación das reclamacións que se estimen pertinentes.”

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección na data da sinatura dixital